

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Oferta de emprego público***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2018**ANUNCIO**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2018*

Por resolución de Alcaldía, con data de 05/04/2018, aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En cumprimento do citado acordo, procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2018, cuxas prazas que se ofertan son as seguintes:

-QUENDA LIBRE

<i>PRAZAS</i>	<i>Escala</i>	<i>Subescala</i>	<i>Clase</i>	<i>Categoría</i>	<i>Grupo-Subgrupo</i>
1 praza de técnico/A de xestión (funcionario/A)	Admón. Xeral	Xestión	Media	—	A2
2 prazas de policía local (funcionarios/AS)	Básica	Servizos Especiais	Policía local	Policía	C1

O prazo máximo para a execución dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP).

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPP, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día



Xoves, 19 de abril de 2018

Núm. 76

seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal/web/public/procedures/getdocfromcsv/getdocfromcsvform.xhtml>
Código seguro de verificación:GVBB3SR0IKFQ64C2

